

*ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente Ordenanza, entrará en vigor ao día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa, e será de aplicación a todas aquelas solicitudes presentadas antes do 20 de abril de 2012, de conformidade co sinalado na Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002 de 30 de decembro.

Baiona, a 27 de abril de 2012.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuña.

2012004441

\* \* \*

**CALDAS DE REIS****E D I C T O**

**RESOLUCIÓN DO 30 DE ABRIL DE 2012 POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 7 DE FEBREIRO DE 2012 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO EIDO DA CULTURA DURANTE O EXERCICIO 2012.**

O 17 de febreiro de 2012 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 34 a Resolución de Alcaldía do 7 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no eido da cultura, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

A política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste de gastos nos créditos inicialmente asignados que conforman os orzamento vixente do Concello de Caldas de Reis.

Ao abeiro do sinalado nos parágrafos anteriores, cómpre modificar esta convocatoria de axudas, co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público.

Así pois, de acordo co exposto e co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, así como co establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Caldas de Reis, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

**RESOLVO:**

*ARTIGO ÚNICO*

Modificar a Resolución de Alcaldía do 7 de febreiro de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades no eido da cultura, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012, minorando o crédito máximo asignado a convocatoria que queda fixado en 17.000,00 euros.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 modificados pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro,



de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo competente.

En Caldas de Reis, a 8 de maio de 2012.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey.

2012004435

## EDICTO

Intentada, por dúas veces, a práctica da notificación do requirimento de data 23/02/2012 abaixo transcrito, a José Manuel Fernández Vázquez e/r de MONELCA S.L., no lugar indicado como domicilio no expediente, sen conseguilo, e de acordo do establecido no art. 59.5 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, notifícase ó interesado, mediante a publicación do presente anuncio no taboleiro de edictos deste Concello, e no BOP de Pontevedra, do seguinte:

### **NOTIFICACIÓN ACTO DE TRAMITE.—REQUIRIMENTO SUBSANACIÓN DOCUMENTACIÓN (EXPTE. 0125/12)**

En relación co expediente nº OB0125/12 incoado coa data 11/01/2012 a instancia de D JOSE MANUEL FERNANDEZ VAZQUEZ co Dni/Nif/Cif nº 76.332.253-Z, e/r de MONELCA, S.L. no que solicita licenza urbanística para "Canalización de 24 mts pola beirrarúa para suministro eléctrico, en Grogullón - Carracedo (CN-550 P.K 92,800)", e a vista da documentación obrante no mesmo, emitíuse informe polo Aparellador Municipal de 08/02/2012 no que se require a subsanación de deficiencias e/ou presentación de documentación, seguinte:

- Deberá presentar a autorización do Ministerio de Fomento, como organismo titular do viario.

E polo que, de acordo cas atribucións outorgadas pola Lexislación Vixente, veño en:

- Requirit ó interesado para que, de conformidade co disposto no artigo 76 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e o art. 9.4º do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, proceda a subsanar as deficiencias indicadas, ou efectúe as alegacións que estime oportunas no prazo de QUINCE (15) días, advertíndolle que, de acordo co art. 92 da devandita Lei, transcorrido tres meses dende que se produza a paralización do expediente por causa imputable ó interesado, producirase a caducidade do mesmo decretándose o arquivo das actuacións, previa resolución ditada nos termos establecidos no art. 42. Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 42.5.a) da Lei 30/92 citada, suspéndese o prazo legal para resolve-lo procedemento con motivo deste requirimento, polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou no seu defecto, polo transcurso do prazo concedido.

Coa advertencia de que contra o presente, pola súa condición de ACTO DE TRÁMITE, NON CABE RECURSO.

Caldas de Reis, a 26 de abril de 2012.—Juan Manuel Rey Rey.

2012004434

\* \* \*